

MIGUEL ANXO SARTAL LORENZO

A chegada da modernidade a Poio e o seu impacto no agro e no monte

Neste artigo téntase observar cómo se foi e se vai instalando a modernidade que vén do exterior nunha parroquia da costa das Rías Baixas. É unha aproximación ó contraste entre a vida do antigo sistema e a actualidade, vendo o cambio acelerado que se produce nos anos sesenta e que marca un antes e un despois na forma de vida da xente, pois é neses anos cando comeza a transformación dun xeito notable no espacio rural e a vida urbana apura a súa implantación. Analízase a forma de vida campesiña e as crenzas que sobre ese mundo existen, tomando como exemplos o campo e o monte, este último a través do eucalipto, polos que se poden ve-los cambios que aquí se citan; dous espazos importantes dentro da vida rural tradicional. Con isto

reflexionamos sobre a modernidade e o tradicional, sobre a forma de vida urbana e a rural e as pautas que estamos a seguir na actualidade.

O contexto elixido para este estudo é un concello onde a forma de vida urbana cada vez se está a impoñer con máis forza á vida rural tradicional, tanto por se-la forma de vida que os habitantes de Poio están a adoptar como por se-la forma de vida que traen aqueles que se instalan neste concello. Froito desta dicotomía de culturas son os constantes discursos que valorizan e desvalorizan ámbalas dúas formas de vida, e as renegociacións constantes que a xente fai en todo momento adecuando o tradicional e o moderno, sexa urbano ou rural, ás súas formas de vida; e tamén as fobias que moitas persoas asu-

men ante os representantes materiais e mentais (cousas, paisaxes, ideas, pensamentos, accións...) dunha ou doutra cultura só polo feito de ser da cultura á cal se opoñen.

Esta realidade non se atopa nos libros, polo menos na súa totalidade, pero coa súa axuda tentárase ir interpretando o que se vía, escoitaba e preguntaba da vida da xente de Poio e da súa paisaxe.

Os temas aquí tratados teñen que ver coa paisaxe, máis que nada co agro e co monte, dous espazos de vital importancia na vida rural tradicional, pero tamén poden ser aplicables a outros aspectos da sociedade. Debemos ter presente que o medio ambiente non cambiou a causa da acción do ser humano só neste século senón que é algo

que leva facendo desde hai moito tempo, desde que está neste mundo. Tamén é verdade que o seu impacto foi diferente ó longo da súa existencia e que podemos dicir que foron nos últimos séculos cando a súa acción se empezou a notar dun xeito moi claro. Efectivamente, case non hai recuncho onde non interviria e fixera modificacións, aínda que se non nos fixamos podemos ver parte do noso arredor como natural. A través do medio ambiente, do xeito de traballa-la terra e da comunicación que se mantén coa natureza podemos rastrexar as pegadas das culturas. O rastro que deixan as sociedades no medio ambiente, a través da súa lectura, sírvenos para achegármolos ó pasado e comprendérmo-lo presente. Vexamos, se non, os efectos que produciron as diversas colonizacións europeas polo mundo, tanto en América coma en África, Australia ou Asia³. Os resultados foron, e son, dunha gran profundidade, e a influencia que uns lugares produciron nos outros é dispar. O introducido desde as colonias só fixo mellora-la calidade de vida en Europa. Foron moi poucos os que produciron un impacto negativo no territorio ou na poboación europea. No caso que nos ocupa, e para moitos puntos de Galicia, houbo unhas introduccións que causaron unha gran transformación: entre elas a do millo, a pataca e, máis recentemente, o eucalipto.

Neste artigo faremos referencia a este último, o eucalipto, do que nos serviremos para analizar algunhas das transformacións do monte no século XX, sobre todo nestas últimas décadas. Xunto a el analizaremos as transformacións que se están a producir no agro, no traballo do campo, e

cómo están a afectar, e son afectadas por, a vida no mundo rural. Eses dous factores de análise, o agro e o monte, básicos no mundo da sociedade rural tradicional, servirannos para observar a entrada da modernidade⁴, que nos chega desde o mundo capitalista, sobre o espazo de vida campesiño no momento actual⁵. Falamos entón de cambio de vida, de vida rural tradicional e de vida rural urbana⁶, as que tamén analizaremos. Enfocamos así este traballo desde o medio ambiente e a percepción e mentalidade das persoas respecto del, co que tentamos albiscar algunhas respostas ó porqué deste presente e a súa xente: nós.

SOBRE O MUNDO CAMPESIÑO

Todos somos conscientes do sentir social que existe en torno ó mundo campesiño, que desde algúns sectores se manifesta en opinións non moi favorables sobre esa forma de vida, sobre todo a do mundo campesiño tradicional⁷. Ó mundo campesiño asúmense unhas características que soen coincidir, aínda hoxe en moitas ocasións, coas da sociedade do antigo sistema, a xeito de “pagáns” que aínda non recibiron a “relixión oficial”. Son moitas as persoas que ven o mundo campesiño como un mundo atrasado, como un estadio anterior do mundo urbano e que está en oposición a el, valorándose o mundo urbano aínda máis.

Pensar así non é nada raro, sempre se valoran e prefiren unhas cousas máis ca outras, pero tamén é certo que os pensamentos están moldeados pola cultura, e consecuentemente por aqueles que teñen máis influencia na sociedade. A valoración que se fai da cultura campesiña tamén a

podemos observar por esas influencias culturais. En efecto, os adxectivos acuñados para a sociedade tradicional partiron dunhas determinadas teorías da modernización, e hoxe parecen se-los únicos puntos de vista que temos do asunto, formando parte do discurso da nosa sociedade. Esas teorías tentaban explicala implantación do capitalismo segundo a evolución unilineal da sociedade global, e calquera progreso parecía bo en si mesmo. Por esa causa se expuxeron as relacións entre o tradicional e o moderno en termos de incompatibilidade e enfrontamento, e o mundo campesiño (e incluso o rural, que hai anos era case como sinónimo de campesiño) levaba as de perder: unhas formas de achegamento que *«han impedido estudiar adecuadamente fenómenos como el campesinado o el latifundio, categorizándolos a priori como «atrasados», «superados por la historia», «a desaparecer», o «ineficientes»»* (Sevilla Guzmán; González de Molina, 1993: 33). Do mesmo xeito pasou coas crenzas, e as consideracións que se teñen do rural tradicional, que se ven como inválidas e atrasadas sen atender ó fondo no que se asentán, tan só porque se ven baixo os prexuízos que as teorías modernas das elites inculcáron na sociedade⁸.

O paso da agricultura tradicional á moderna, o que vén sendo a adopción do capitalismo na agricultura, viña explicado por enfoques como o liberal ou o marxista, que tiñan moito en común (como as ideas de evolución unilineal da sociedade e de progreso como bo en si mesmo, que antes mencionamos): *«Teorías como las de Modernización, la consideración agónica o residual del campesinado, la inevitabili-*

dad de la caída del capitalismo, la superioridad técnico-económica de la gran explotación agraria, etc., pueden considerarse construcciones teóricas de este tipo. Ellas han influido enormemente en la elaboración de una concepción generalizada sobre el desarrollo del capitalismo que ha entendido como positiva y necesaria la modernización agraria; cuya encarnación ideal se encuentra en la gran explotación agrícola y cuyo principal enemigo debe buscarse en la resistencia a desaparecer de lo tradicional, encarnado en la pequeña explotación campesina» (Sevilla Guzmán; González de Molina, 1993: 26). Foron esas construcións teóricas coas que medramos. As que nos deron unha óptica a través da cal ve-la sociedade e os seus progresos. As que (moitas veces actuando como crenzas) nos fixeron asumir uns tópicos e unha forma de ve-las cousas que aínda está moi arraigada en nós, que fan que non se afonde neses asuntos e só se vexa unha determinada posición, a deles, que se che presenta como natural, o que debe ser. Esa modernización trouxo a crise ecolóxica á que estamos a asistir (Sevilla Guzmán; González de Molina, 1993: 33).

Así se creou un determinado concepto de campesiño e do seu mundo, que se ve como pasivo, desconfiado, localista, conservador, familístico, fatalista... (Sevilla Guzmán; González de Molina, 1993: 28, 47) a causa da aplicación das perspectivas do tradicional-moderno ou centro-periferia dun xeito inmovilista e ríxido.

No momento en que estabamos abrazando a nova situación (esas teorías ás que nos referimos) non tiñamos unha observación clara dos acontecementos, pois a fasci-

nación do novo momento impedía unha boa visión da realidade. Na actualidade observamos outras posturas, que aparecen nun momento en que o “campo de batalla” desa implantación capitalista aparece máis claro, sen tanto fume das armas dialécticas que apoiaban esa modernidade “dictatorial”. A liberación da presión comunitaria da sociedade tradicional logrou o seu éxito, a vida dos nosos avós parécese pouco á que nós temos hoxe (para felicidade dos nosos avós e de nós mesmos). Desde esta perspectiva da individualidade e da comodidade podemos observar sen tanto embruxo á sociedade tradicional como á sociedade moderna. E con iso dámonos conta de que a sociedade tradicional non é a mellor de todas nin a peor, ó igual que a sociedade moderna. Decatámonos de que as dúas teñen cousas boas e malas, e comprobamos que o diálogo entre as dúas é necesario.

Na actualidade tamén se parecen oír máis ca nunca críticas ó progreso actual que se exerce desde o sistema capitalista, que reclaman unha relación coa natureza menos depredadora, e unha relación entre os seres humanos máis afectiva. É así como eses modelos de implantación da nova economía, definidos en función das incompatibilidades entre o novo e o vello, foron deixando paso a outras formas de ve-la cuestión nas que a transición non era tan lineal, *«se parecería máis a un movimiento continuo en direccións múltiples que a un movimiento finito, limitado, teleológico (...). Lo que proponemos es una consideración consecuentemente múltiple de la transición, tanto en su dirección como en los distintos niveles en*

los que nos movamos, tanto el macrosocial como el microsocial» (Sevilla Guzmán; González de Molina, 1993: 60). Esta perspectiva apártase do progreso unilíneal das teorías anteriores (coa tecnoloxía, a ciencia e o capitalismo como pezas básicas) nas que se nos mostraba un único camiño na evolución, influenciado pola perspectiva darwinista, e preséntanos un panorama da evolución múltiple, que terá a dirección que nós lle queiramos impoñer, en función do que observemos como fin e utilicemos como medios: tecnoloxía, ciencia, mercado, ética, beneficio...

A ENTRADA DA MODERNIDADE

O capitalismo non chegou con esta modernidade das últimas décadas, á que tentamos achegarnos, pero si podemos dicir que entrou con toda a súa forza na década dos sesenta. Antes deses anos xa estaba presente, pero a súa implantación non arraigou na sociedade rural a causa dos diferentes elementos estruturais e económicos que permanecían da forma de vida campesiña, tanto a nivel mundial como español e galego. Foi a partir dos sesenta cando o capitalismo se implanta seriamente nesta zona. Toda a sociedade asumiu as novas normas do xogo, e hoxe seguimos na mesma. Co capitalismo chegou unha nova forma de liberdade a partir do consumo, coa cal a xente se podía liberar do xugo da comunidade que ata daquela era a que controlaba a vida da xente⁹. Se a comunidade campesiña foi o marco necesario no que se desenvolveron as persoas ata daquela, agora, coa chegada desa nova modernidade, as persoas serán máis individualistas, ó poder prescindir dese apoio dos

veciños tan necesario en épocas pasadas¹⁰.

Esa nova forma de vida non se debe ver como algo adoptado á forza sen que a xente quixera, senón algo que foi aproveitado como oportunidade para vivir dun mellor xeito¹¹. Desde o século XIX ata o ano 1936 os campesiños van adaptando a penetración do capitalismo á súa forma de vida; algo que se rompe coa guerra civil, dando paso a unha política intervencionista do novo estado, a un peche de mercados e a unha rerruralización provocada pola imposibilidade de emigrar, o que traerá tempos de fame (Artiaga *et alii*, 1991: 348-349, 370). Durante os anos corenta e cincuenta vaise debilitando o poder do campesiñado a medida que se fortalece o poder dos grupos capitalistas, preparando o terreo para que, tralo Plan de Estabilización de 1959, «*el modelo de desarrollo agrario que prime en nuestro agro —el modo de penetración definitiva del capitalismo— sea el diseñado por los grupos empresariales gallegos e internacionales. De este modelo gestado sobre las consecuencias de la guerra civil es deudora la agricultura gallega actual*» (Artiaga *et alii*, 1991: 370)¹². Nos anos sesenta, como xa dixemos, a modernidade entra de cheo, e a xente deslígase dalgúñas ataduras da sociedade tradicional e acolle un mundo de maior comodidade e dominio, máis individualista. É este cambio o que aquí tentamos analizar. Pegadas desa transformación social vémolos en moitos lugares e en moitas cousas. Hoxe en día estanse a recuperar a maioría delas¹³.

Por outra banda o traballo asalariado empezou a coller máis importancia da que tiña. Antes só

ía traballar fóra o home, que traía un salario co cal se vestía á familia, se pagaban os impostos, se facían arranxos para a casa e se compraban mobles, apeiros, etc., mais poucos eran os cartos que se daban para a comida. A alimentación estaba maiormente cuberta polo que se cultivaba, polo traballo da terra, que ademais tamén introducía cartos pola venda dos produtos da casa na feira de Pontevedra ou á xente (case todo o mundo vendía legumes, hortalizas, ovos, viño, augardente, leña... Da venda dos moluscos obtidos na ribeira tamén se conseguían uns cartos). Pero esa alimentación tamén foi empezando a ser substituída por alimentos que se compraban cada vez máis na taberna. Eran máis fáciles de adquirir. A vida estaba cambiando e os cartos, que sempre foron importantes, parecía que se podían obter con maior facilidade, e con eles podíaase conseguir calquera cousa.

O exemplo dos muíños e do pan de trigo pódenos ilustra-la forma de entrar a modernidade: podemos dicir que o abandono dos muíños tradicionais comezou coa chegada dos muíños eléctricos a algunhas casas alá polos anos sesenta, que moían a cambio de cartos. Eran as chamadas *molineiras*¹⁴. Con eses novos muíños seguíase a moer, aínda que de distinto xeito, tanto para facer pan como para os animais. Pero iso veu totalmente abaixo coa chegada do pan trigo en cantidades suficientes para a poboación (a xente prefería daquela o pan trigo, porque o crían mellor). Segundo me comentan, o pan que se facía na casa era de abondo para manter á xente da casa, pero desexábase o pan trigo. O pan trigo estaba prestixiado, non se vía como pan de pobres,

como era o caso do pan de millo ou o de centeo que eran o que eles (a xente da sociedade tradicional do rural, neste caso a parroquia á que me refiro) comían. Comer pan de trigo era un xeito de valoración social, era como un pastel nos días de hoxe, mercábase como agora se merca un doce; de certo, no antigo sistema, estivo racionado, cada persoa non podía mercar máis dunha determinada cantidade ó día, e a pesar de que non o necesitaban, era un elemento prestixioso e que á xente lle gustaba. Logo, cando se puido compra-la cantidade que se quixera, algúns compraban algunha barra dese pan para a casa. Incluso para as merendas que se facían polas axudas no campo mercábase pan de trigo que se comía só, acompañado de viño (recordemos que pola Pascua os padriños tamén daban unha bola de pan de trigo, que era como dar un doce). Coa extensión e abaratamento do pan trigo, así como dos panadeiros profesionais que o facían, fóronse deixando de lado os muíños e o pan que se cocía na casa. O pan trigo era máis cómodo de obter, polos cartos, mentres o pan de millo necesitaba maior esforzo físico. É certo que tamén se moía para os animais, pero iso tamén deixou de ser necesario ó chegar ó mercado a *tercerilla*, salvado e cebada, que se empezaron a comprar en grandes cantidades. Eses puideron ser algúns dos motivos polos que a xente empezou a cultivar menos extensión de millo, e moita menos de centeo, que hoxe en día pouco se ve por esta zona.

Vemos daquela cómo o capitalismo permitiu que a xente puidera obter unha gran gama de mercancías a través dos cartos, o que significaba, en certo modo, liber-

dade e comodidade. A liberdade de comprar e facer o que cada un quixera sen atender tanto á comunidade (da que antes dependía e á que antes necesitaba), sen tanto esforzo, e con maior calidade de vida. Comeza así a cambiar a mentalidade da xente, a non atender ás normas da estrutura social do antigo sistema, pois agora non as necesita. A xente ve a posibilidade de saír da forma de vida na que estaban a favor das formas de vida desexadas: a dos ricos, a forma de vida urbana, traballos que non precisaran de moito esforzo físico, etc. E se non é así pode igualmente aparentar outras posicións sociais a través do seu consumo, daqueles bens prestixiados pola clase social na que quere ser visto. Todo o que facemos e temos son símbolos da nosa forma de vida, sinais que o resto da xente recolle e vulga¹⁵.

Cada vez gastábanse máis cartos: en impostos, en coches, en tecnoloxía agraria... e traballábase menos a terra. O consumo daba liberdade, os cartos daban liberdade e a xente quería liberdade: era o momento de conseguila liberdade. Un mundo de axustes e pechado vai deixando paso a un mundo onde cada vez circula máis información e bens de consumo, onde a xente vive mellor e gaña máis benestar do que perde. E chegamos á actualidade, onde moitos de nós xa nacemos inmersos nese mundo de ganancias, e vémo-las cousas doutro xeito. Quizais é este o momento que nos toca vivir, agora que acadamos este grao de liberdade e a nosa bagaxe cultural parece máis ampla. É desde esta posición desde onde nos tentamos reconciliar con aquela natureza que tantas precariedades nos trouxo. É desde esta distancia desde

onde tentamos e debemos reconciliarnos con esa natureza á que tivemos que deixar para chegar ó presente¹⁶.

FALANDO DO AGRO

O cambio de vida tamén ten o seu reflexo no campo, que tamén sofre unha transformación, máis que nada porque se abandonan os labores tal e como antes se facían, o que produce un cambio na súa fisionomía. Nos tempos actuais moitas veigas déixanse a monte, moitos dos carreiros que existían xa non existen, o campo está sendo ocupado por novas residencias, o traballo agrícola cada vez estase a deixar máis de lado a favor de traballos remunerados economicamente dos sectores secundarios e terciarios, e está a aumentala introducción de nova tecnoloxía e de novos produtos químicos. Nestes tempos a cantidade parece superar á calidade.

Os avances técnicos, que cada vez se aplican máis ó campo, afórranlle moito traballo á xente: agora hai tractores, chimpíns (motocultores), fresadoras, máquinas de corta-la herba..., non se necesita tanta axuda, o traballo dura menos. Agora a dedicación a el é menor, por vir os ingresos principais das familias doutros sectores económicos que trouxeron maiores posibilidades de vida: *“hoxe é vivir”*.

Cos novos fertilizantes e produtos químicos a sabedoría tradicional dos cultivos estase a perder, producindo un efecto nos resultados agrícolas, pero producindo tamén un efecto na vexetación, na terra e nos animais que repercute na súa perda de calidade e na maior contaminación (Varela, 1984). Son estes produtos químicos os que moita xente culpa da menor existencia de paxa-

ros: *“antes había máis paxaros que aghora, como as lavandoiras, que cando botabas o millo polos reghos andaban a come-las miñocas”*. *“Houbo unha época aí atrás en que se miraban poucos paxaros”*. É posible que algunha responsabilidade sexa deses produtos químicos aplicados en grandes cantidades, ós que agora os animais e insectos probablemente se estean adaptando¹⁷.

A contaminación pola utilización de pesticidas non só se queda no campo senón que chega ó ser humano e a outros animais (Vales, 1987: 82). O mesmo pasa coa utilización dos fertilizantes. Os orgánicos tradicionais cada vez están máis acompañados pola utilización de complementos químicos que modifican a composición de plantas, froitos e animais, alteran a composición de microorganismos benéficos, producen eutrofización e prexudica seriamente os ecosistemas, conlevando ademais (a fabricación de fertilizantes químicos) unha importante contaminación atmosférica, acuática e terrestre (Varela, 1984: 132-133). Hoxe prima a cantidade e a rapidez, ademais de que cada vez a xente ten menos tempo para dedicarse ás faenas agrícolas, porque non lles ven rendemento¹⁸. É máis cómodo e fácil acabar coa vexetación a base dun líquido que cortándoa ou arrincándoa. Co líquido abrándase a terra, que logo será máis fácil de cavar, aínda que agora se están a utilizar cada vez máis as fresadoras. Debido ós líquidos podemos ver, tanto en pleno inverno como no verán, moitas zonas amarelas: novas tonalidades para a paisaxe galega.

A xente que traballa no campo sabe da importancia da natureza, da que dependen as boas colleitas, e por iso realiza os seus labo-

res dun xeito e nun momento adecuados, que foron aprendendo ó longo do tempo. Nas últimas décadas, co dominio da natureza que se está a alcanzar, esa conservación da colleita é cada vez máis dependente dos produtos químicos e das sementes seleccionadas (un ciclo no que agora están inmersos os campesiños¹⁹), coas que se aforra traballo e se obtén moita cantidade de produtos agrícolas. As colleitas vólvense máis independentes dos traballos e crenzas tradicionais, que se foron adquirindo ó longo dos moitos anos que o ser humano estivo experimentando no espazo agrícola, e que agora perden validez pasando a ser “*cousas de vellos*”: “supersticións” que carecen de sentido baixo unha perspectiva actual coa que se poden cultivar, por exemplo, fresas en inverno²⁰. Os produtos químicos están totalmente estendidos. Xa non é necesario ir á cidade a compralos, agora hai tendas especializadas na parroquia, onde pensos e líquidos para trata-las veigas se venden “coma churros”. Se alguén ten algún problema no traballo agrícola vai á “farmacia do campo” e daránlle un líquido, que se non resulta será substituído por outro. A experimentación baseada no acerto e no erro está á orde do día.

As novas sementes das industrias, que medran antes e máis grandes, esconden carencias que hai que suplir con líquidos e outros produtos que esas empresas tamén venden. Se a xente antes soía explicar unha mala colleita debido ó clima ou porque quizais realizou mal o labor, hoxe as explicacións tamén se tentan buscar nos produtos químicos, nos que tamén se busca a solución. É o caso das especies viní-

colas que, como o americano, se están a perder. A xente explica iso dicindo que se debe ó sulfato de agora, que é peor có de antes, o azul de cobre que hoxe non hai quen o atope: “*as cepas pérdense, non porque sexa a terra mala, senón polos sulfatos e así*”. O actual parece ser que penetra na uva e por iso lle pode facer mal. O de antes cubría exteriormente a uva e logo caía con auga ou co tempo, sen altera-lo produto. Hoxe aínda hai sulfato de cobre pero non é coma o de antes, o de hoxe “*é falsificado, métele na aghua e derrétese*”, cando antes tiña que estar a abrandar uns tres días, co traballo que iso supoñía: prepara-la cal na pía de pedra, a barrica co cobre, etc. Quizais poidan se-los produtos químicos un dos grandes culpables, pois é posible que iso sexa unha consecuencia da súa mala utilización²¹.

Tamén se desconfía de que haxa intereses en botar “*cousas para queima-las veigas*” ou para que se perdan as colleitas: “*non sei qué lle deben de botar á noite que aparesen [as veigas ou viñas] todas queimadas*”, “*botan cousas, e dun día para outro todo queimado*”. “*Antes non había gbrama nin xunca. Iso é cousa de hai pouco, e logo había que botarlle productos. Antes só había productos para os escarabajos*”.

Logo deses tratamentos, obtéñense boas cantidades de produtos agrícolas, pero parecen ser de menor calidade có de antes e pérdense rapidamente, segundo comenta a xente. Entón, a solución téntase atopar, novamente, nas industrias, ás que se lle compran outros produtos químicos para tentar conserva-los produtos agrícolas. Se non se conseguen conservar, logo hai que comprar, outra vez a esas indus-

trias, os produtos agrícolas, como patacas ou millo, tanto para comer como para sementar. O certo é que “*hai que botarlle productos. Ó que non lle botas productos aghora non dá, todo son químicos e desas porquerías*” e as empresas non escatiman medios para lograr vende-los seus produtos químicos²². Todo isto faime pensar no tema da aculturación, desvalorización, e uniformización: no control que están a impoñer. Refírome a que a aculturación non só nos vén polos medios de comunicación, en forma de xeitos de vida da cultura dominante, tamén vén desde abaixo, desde a terra. As multinacionais introduciron, e están a introducir, unhas sementes tratadas e únicas que elas controlan, deste xeito acaban coas sementes autóctonas e tradicionais que cada casa tiña, de millo e patacas sobre todo. Despois, como dixemos, hai que tratalas para que medren (incluídos os métodos de fertilización que poden ser prexudiciais para a terra) e para que se conserven as colleitas. Ó final un produto químico que a xente non controla. Isto é aculturación. Unha aculturación permitida, pois o que se quere é esa facilidade de cultivo, non o esquezamos. O agricultor pensaba moito na natureza, e agora cada vez tamén pensa máis na industria²³.

Unha vez que se entra nesa cadea xa é moi difícil saír. Logo, preto da nosa casa abrírase unha tenda de pensos e produtos químicos. Prodúcese unha aculturación drástica, en vez de gradual, coa perda de sabedoría agrícola e crenzas correspondentes, ó non seren válidas para esa nova realidade. Non parece haber un diálogo entre o vello e o novo senón unha substitución.

E hoxe vemos cómo a biodiversidade local está a cambiar pola utilización agroquímica, e se antes había respostas locais para problemas locais (Fernández Prieto, 2000b: 39) agora parece haber respostas xerais que moitas das veces non solucionan os problemas locais. Quizais polo de agora só se salven desa colonización multinacional as árbores froiteiras.

Todo isto que estamos a comentar do traballo agrícola trae como consecuencia unha reconsideración na mentalidade da xente, no referente a se lles vale de algo o traballo que levan ó cultivalos diversos produtos: o traballo que levan para non obter case premio. O seguinte paso dalgúns é ir abandonando o traballo agrícola. Máis que nada porque non teñen tempo nin gañas para dedicarse a el, a causa do traballo profesional que desempeñan, etc. Outros optan pola vía de seguir, o que significa adquirir cada vez máis produtos agrícolas e químicos, e guiarse polas indicacións que lles di quen os vende²⁴. Neste aguante do traballo do campo pesa dalgún xeito a tradición: non querer tirar pola borda un traballo que vén de moi atrás e que tanto custou chegar ata aquí, pois esa xente aínda non ve a terra con valor de cambio senón con valor de uso. Unha terra que os seus antepasados lle cederon, como el debe ceder ós seus descendentes.

Ademais, debemos asumi-lo feito de que este traballo agrícola²⁵ non dá resultado para as expectativas de vida que moita xente ten na modernidade actual. Temos que darnos conta de que estamos en Poio, un lugar onde o traballo agrícola está quedando como complemento da casa. As

percepcións que funcionan na actualidade nesta zona non teñen ó traballo agrícola como o deseñado, pois non está moi prestixiado, como o están outras formas de vida e de consumo, e está quedando nun segundo plano. Isto tamén produce que aquel que traballa no campo moitas veces non se sente coherente co arredor. Cada vez hai máis residencias de descanso e turísticas, e moito do cansazo que a xente ten do traballo da terra pode deberse a que senten que van a contracorrente, que non son coherentes co tempo, co que os rodea, e entón non se ven eficientes. A coherencia, o equilibrio, o sentirse eficiente é fundamental na xente. O que fan pode parecerlles que non lles dá premio, porque o premio que hoxe en día se ve é aquel que achega cartos, bens materiais. A coherencia co grupo, coa comunidade, é un dos xeitos da propagación das formas e das cousas, e a modernidade non foi/é menos. Non sentirse coherente cos tempos é sentirse a desgusto²⁶.

FALANDO DO MONTE E DO EUCALIPTO

O monte é outro dos espazos nos que podemos meternos para coñecer un pouco da nosa historia recente. Se queremos ver en Poio eses montes e esas árbores dos que nos falan moitas persoas en torno a unha Galicia pasada con aire de lugar bucólico e pastoril ímolo ter moi difícil, polo menos na súa inmensa maioría, pois sempre queda algún lugar onde podemos atopar algo parecido a iso que chamamos bosque autóctono. Pero sabemos que o monte cambiou moito ó longo dos séculos, e tamén de xeito rápido no século XX.

Se preguntamos ós máis vellos dirannos que recordan os montes con moito toxo, máis auga, menos árbores que agora, sen eucaliptos, con rabaños de ovelhas, cabras e tamén vacas. O monte era un complemento da actividade agraria. A el íase busca-lo estrume e a leña. Era un lugar máis familiar para a xente, máis coñecido e máis achegado ás súas vidas do que é hoxe. Era un lugar, de certa maneira, ordenado, organizado, ó que se lle sacaba un proveito que complementaba o traballo no campo, formando parte do todo o que era a aldea: o monte estaba “cultivado”.

Hoxe iso non é así, os eucaliptos apropiáronse do espacio e da auga, que tamén foi canalizada para as casas. O monte sufriu unha forte e drástica transformación desde a década dos 40, cando os plans de repoboación, nos que o eucalipto era o principal protagonista, empezan a coller firmeza (Rico Boquete, 1995)²⁷. A pesar dos conflitos iniciais que a xente mantivo fronte á repoboación, co tempo chegouse a ver con bos ollos a nova situación (ó redor da década dos sesenta), porque era unha oportunidade de atopar un posto de traballo (nos labores de repoboación), ademais da idea que se formou do eucalipto, como a árbore do progreso: un “carro” ó que se había que enganchar.

O monte empezou a cambiar. Ademais, ó comezarse a deixar de lado o traballo agrícola, iso significou menos necesidade de fertilizante para as veigas e de estrume para os animais, que son poucos. Vaise escasamente ó toxo e, polo tanto, o monte trabállase en menor medida, abandonouse en gran parte, e os eucaliptos puideron estenderse

ás súas anchas²⁸, sendo ademais un soporte económico para a xente a través da súa venda.

Cando se ve ó eucalipto dentro da perspectiva do progreso, a xente, que vía cómo o Estado os plantaba, facía o mesmo nas súas toxearas; así terían leña suficiente e poderían facer cartos coa súa venda. Pero quen ía dicir que o eucalipto se ía converter nunha “peste” medrando e estendéndose por todo. E hoxe fálase moi mal del: do mal que fai ó terreo e á flora autóctona, da moita auga que chupa, dos ácidos que desprende e da súa relación cos incendios forestais²⁹.

Estes feitos fixeron que sexa unha árbore que é vista por moita xente con resentimento. Pero, na súa defensa, debemos dicir que tamén ten cousas boas (incluídas as súas propiedades anticatarrais), entre as que se pode destaca-la súa achega de madeira. Ata hai moi poucas décadas a xente ía ó monte en busca de leña. Era difícil atopala, non había tantas árbores como agora e había que aproveitar todo tipo de paos e ramas. Era un asunto complicado, porque non había forma de aumentar ese recurso, e era moi necesario. E chegaron os eucaliptos³⁰, solventouse o problema da leña e agora deixouse ó monte da man desas árbores. Tan cheo de eucaliptos que se antes había que buscar leña agora hai que atender a cómo resolve-lo problema do esgotamento do monte. Porque é unha árbore de crecemento rápido, o que asegura unha reserva de madeira, pero somete ó terreo a un forte desgaste.

Segundo o dito ata o de agora podemos considerar ó eucalipto como unha mala herba³¹. E como tal pode ser beneficioso para o medio forestal galego, para apla-

ca-la erosión naquelas zonas rochosas e con pendente onde poucas árbores se adaptan, ou para frea-la erosión producida polos incendios, xa que nace rapidamente, polo que lle prepararía o terreo ás especies autóctonas³².

Como estamos a ver, o eucalipto socialmente está considerado como “malo”, pero non só o debemos ver con esa perspectiva, pois tamén pode ter un lado “bo”. O problema está en que mantemos unha política de cambio constante na busca de beneficios económicos case exclusivamente. Facemos un uso consumista do eucalipto (lume, corta de árbores que deixan a terra a mercé da erosión, etc.), non deixamos que se estabilice e recupere o solo, facemos del unha explotación ó máximo. Polo tanto, o malo non son esas árbores senón aqueles que practican unha política e un tipo de economía que se basea na súa explotación como monocultivo: nós.

É nese punto onde nos debemos deter para tentar entende-lo porqué do comportamento do eucalipto, que se deriva das excelentes condicións climáticas de Galicia para a súa reprodución. Galicia é un paraíso para o eucalipto, é unha “nova América para un europeo”, pois non é unha árbore autóctona destas latitudes. Foi introducido en Galicia a finais do século XIX, estendéndose plenamente no século XX. Nun principio acolleuse como unha árbore exótica, prestixiosa, coa que se decoraban grandes xardíns de pazos e casas grandes, e despois viría a explotación que hoxe seguimos a facer del. Veu de Australia e Nova Celandia, onde o seu comportamento non é como o que aquí ten. Na súa terra de orixe é unha árbore

máis, que non rompe o equilibrio ecolóxico, non degrada terreos, nin exerce de mala herba. Quizais as causas están no clima, no terreo, ou en algo máis xeral: na biota. En Australia é unha parte da engrenaxe da súa biota, onde ten un sitio, formando parte do equilibrio. A biota australiana achega e condiciona ós eucaliptos, e viceversa: alí é unha parte dun todo³³. Pero en Galicia non. Aquí é un estraño, unha árbore que atopou condicións ideais para o seu desenvolvemento nunha biota que aínda non sabe cómo tratalo nin cómo adecualo no seu seo. Aquí atopou a renda solta, sen condicións por parte da biota que o manteñan controlado, porque non é como a biota australiana da que el forma parte, e na que uns animais, parasitos e vexetais o teñen incluído nos seus círculos vitais. En Galicia non. En Galicia o eucalipto é unha ovella que come en campos de herba sen lobos, sen pastores e sen parasitos³⁴.

Como estamos a dicir, o eucalipto ten comportamento de mala herba. Pero as malas herbas non teñen sempre ese comportamento de máxima reprodución. Unha vez cuberto o terreo (estendidos) estáncanse, e a flora autóctona volve a brotar. Isto é o que podería pasar en Galicia con esta árbore³⁵, pero son os especialistas quen o deben dicir. Aínda así, ese equilibrio non se producirá se os incendios e as cortas de árbores son continuas. Pois o lume é un dos mellores fertilizantes do eucalipto, un dos mellores aliados do uso que se está a facer hoxe do monte. A súa proliferación é moi grande cando se producen incendios, e pódese observar que son as árbores que antes empezan a medrar e en moita cantidade nas

zonas queimadas (este pode ser un dos feitos que se deben ter en conta para buscar explicacións e atopar solucións ó problema dos incendios), xunto ós fentos. O lume alenta a explotación que se está a facer hoxe dos montes galegos cubertos de eucaliptos, que vai en contra da riqueza ecolóxica e esgota os solos. O eucalipto é un mandado máis, un moneco desa forma de entendelo capitalismo que está sobre os montes galegos.

Vemos que o eucalipto é unha árbore que ten características que se consideran boas e outras que se consideran nocivas; daquela, do que se trataría sería de organizar mellor a súa explotación para que os prexuízos foran mínimos e os beneficios moito maiores. No momento actual parece difícil cambiar esa situación. O uso que se fai do monte e a percepción que se ten del non é o máis adecuado para lograr ese cambio. O monte perdeu moito contacto coa sociedade ó acaba-lo uso tradicional que del se facía, formando parte da economía rural galega. Hoxe tamén forma parte dela, pero máis como valor de cambio en metálico, no que os eucaliptos teñen moito que ver, que como uso ecolóxico e en “equilibrio” co contorno. O monte volveuse salvaxe, descoidado, abandonado polos animais domésticos e por moitos amos que non teñen tempo, non queren ou non necesitan darlle coidados. Tampouco se usa tanto o toxo, polo que as zonas se cobren con moita matoqueira, baixo a mirada do eucalipto, que se fixo amo e señor.

Temos un descoñecemento da nosa realidade biótica que só utilizamos en termos económicos de beneficio e consumismo. A introducción do eucalipto non se

produciu de forma harmónica e complementaria co medio e forma de vida tradicional, senón que veu a substituír e a producir un cambio radical, auspiciado desde os poderes centrais que só atendían á extracción e non á produción e reprodución³⁶.

A NATUREZA COMPARTIMENTADA

Polo que levamos dito xa podemos ver que a entrada do capitalismo veu parella a unha nova mentalidade na que se propugna a liberdade extrema do ser humano, como único ente que fai e desfai, que é independente, que debe ser autosuficiente, deixando de lado o aspecto social que antes estaba presente. Os valores cambiaron, a mentalidade cambiou e o capitalismo foi quen axudou.

Debemos ter en conta que as prácticas agrícolas e as crenzas da sociedade tradicional forman parte dunha cosmovisión: a súa. Así debemos entender moito do que se facía e se pensaba: animais que se teñen como causa de certos males, días en que non se debe traballa-la terra, momentos e formas de recolección e semente, prácticas rituais de protección, etc.

A sociedade tradicional tiña unha economía diversificada, necesaria para enfrontarse á natureza e ter sempre qué levarse á boca. Un exemplo son os diversos tipos de vides que existían: nas viñas había moitas clases de cepas, con elas aumentábase a resistencia fronte ás malas colleitas, pois se unha variedade podía ser débil nun aspecto era forte noutro, e dese xeito sempre se tiña viño, non como agora que se vai cara ó monocultivo.

As crenzas da sociedade tradicional reflicten moito da relación e

consideración que teñen da natureza. «*La visión organicista que las religiones propiciaron de la naturaleza y del hombre hizo concebir al mundo como una gran entidad biológica. Esta concepción propició unas relaciones no depredadoras de los hombres con la naturaleza. (...)..., cuando el papel de las religiones fue suplantado por la racionalidad del lucro capitalista, por la nueva religión: la ciencia y su manifestación normativa más evidente, la Economía, las relaciones entre los hombres y la naturaleza cambiaron*» (Sevilla Guzmán; González de Molina, 1993: 78-79)³⁷.

Hoxe podemos ver ó longo do ano cómo se fan protestas nas que se tiran tomates e outros alimentos, e ninguén se escandaliza por ese feito. Para unha persoa da sociedade tradicional iso é un “pecado”, xa que ve un respecto polo froito, distinto ó que parecen ter eses agricultores de grandes plantacións que o ven como mercancia máis que como alimento. Esa mentalidade é unha das causas que está detrás de moitos deses actos³⁸.

É posible que a relixión esté detrás desa forma de pensar, pero seguro que a vida que se levou tamén: o pan non se tira. O valor que lle damos ós cartos escondeu o valor das cousas. “*Cómo non nos vai castigar Dios...*” podemos escoitar en boca dalgunha xente referíndose a viñas das que non se recolleron as uvas, de patacas que se tiran, etc. Esa expresión é posible que haxa quen a interprete ó pé da letra, pensando nunha relación mecánica entre o Deus cristián e a persoa, e é posible que así sexa, mais tamén o podemos ver como o dito por unha persoa que se dá conta de que o que se fai non está ben, que é como dicir

que non estamos mantendo un equilibrio coas cousas e que polo tanto traerá consecuencias. Porque a xente ve a natureza como un sistema regulado, ó que hai que respectar, fronte ó que non se pode ser soberbio. Unha “natureza” que moitos poden chamar “Dios”, pero onde se engloba a interacción que se mantén coa natureza, a cosmovisión do grupo. Se somos irrespectuosos coa natureza entón poden vir malas consecuencias: “Dios castigha”. A linguaxe da sociedade tradicional é diferente á linguaxe da sociedade moderna, e cando as cousas se ven desde outros contextos é cando aparecen termos como o de “superstición”.

En efecto, antes todo estaba máis integrado, todo tiña explicación, incluso cando as cousas non eran claras, pois aí estaba todo o imaxinario popular para dar resposta³⁹. Pero coa modernidade o todo compartimentouse. A terra pasouse de ver como un organismo a verse como unha máquina que debe producir e á cal lle podemos face-lo que se nos antolle. E tamén pasou a ser unha mercancía máis: o seu valor vén dado pola posibilidade de edificación, polo seu valor económico, máis que polo rendemento agrícola, polo seu valor de uso. «*La forma de producción de la agricultura industrializada supedita la producción a la racionalidad de la ganancia y a la acumulación del capital de tal suerte que genera un progresivo deterioro de la naturaleza*» (Sevilla Guzmán; González de Molina, 1993: 12). Aí debemos encadralos efectos das transformacións agrarias liberais que se produciron coa emerxencia da burguesía, producíndose tres cambios significativos, como ben sinala

González de Molina (1993: 29): a mercantilización da terra e dos demais recursos naturais, a ruptura do sistema tradicional integrado de aproveitamento agrosilvo-pastoril e o predominio das prácticas agrícolas ou agrícolas.

Porque antes a xente sentíase dominada pola natureza, ían ó seu ritmo e contaban con ela para o bo e para o malo. Non tiñan a capacidade que hoxe temos de dominala, polo que ó actuar nunha parte da natureza sabían que iso podía modificar outra ou, aínda que non foran conscientes deses efectos, eses eran os resultados da experiencia que se foi acumulando na comunidade. Pero hoxe temos maior capacidade de dominio. Cando actuamos nunha parte da natureza xa non nos interesa se pode ter efectos noutra parte, porque pensamos que cos novos adiantos poderemos ir corrixindo tódolos efectos que fagamos. Levamos a natureza ó noso ritmo, compartimentámola. Os efectos que se producen por algunha das nosas actividades non son absorbidos por outras, porque non pensamos nas consecuencias que se derivan dos nosos actos. O resultado é un material sobrance dunha enerxía excedente, unha entropía que a natureza non é capaz de absorber. Imos e estamos dominados polo ritmo do beneficio, sen pensar nas súas malas consecuencias.

Entón, se antes non había colectores para o lixo onde bota-los restos, non por iso atopabamos desperdicios por aí tirados: o que máis e o que menos era absorbido polo medio ambiente. Pero, hoxe en día, a pesar de haber un servizo de recollida de lixo, hai gran cantidade de sitios onde

aparecen desperdicios que a natureza no é capaz de absorber e que mostra o deterioro existente. Está a haber un desequilibrio e a paisaxe é a testemuña deses feitos.

Esa entropía maniféstase en diversos espazos. Un deles é o monte, a onde van parar moitos restos de construcións, de materiais de casas, de roupa, de electrodomésticos, de xoguetes, de canas, de millo e todo o que se poida imaxinar, mentres os incendios son o pan de cada día de verán e días de calor⁴⁰. Uns feitos que tamén os observamos na aldea, nos problemas pola escaseza da auga, nos terreos que se deixan sen traballar, nos pozos de regar en desuso que poden servir como vertedoiros, ou nos camiños que van ás veigas que se enchén de materiais de construción, de canos de verduras, de millo ou calquera outra cousa que se vexa como material sobrance, mentres outros servizos de veigas se pechan. Ademais, aquel que bota eses materiais non só se desfai duns residuos, senón que pode dicir que o fai para que polo camiño se pase mellor. Eses restos vexetais, se non se botan no camiño, tamén podemos ver como hai quen os bota nos colectores do lixo. A xente xa non traballa na agricultura coma se fora un traballo integrado, do que formaban parte os animais, a vexetación e o espazo. Agora vanse abandonando partes dese traballo e rómpese a cadea na que os elementos cubrían necesidades. Aparecen entón elementos sobrance ós que se lles busca sitio noutros lugares.

UN CAMBIO DE VIDA

A nova modernidade, encarnada no capitalismo, foise implantando

no mundo a partir de centros a periferias, dunhas zonas modernas a outras máis tradicionais, que vén sendo o diálogo entre unha cultura dominada e unha dominante, á que se tende. Galicia, desde a perspectiva mundial, europea, podemos dicir que formou parte da periferia e do mundo tradicional, do dominado. A súa tendencia sempre foi a de segui-lo camiño que os outros marcaban por iren diante (Inglaterra, Alemaña, Francia, e no caso de España: Madrid, Barcelona, o Mediterráneo..., ó igual que dentro de Galicia hai centros e periferias, dominantes e dominados). Isto produciuse en moitos momentos ó igual que agora co capitalismo, no que seguimos, e unha perspectiva semellante é na que debemos ver ós países que chamamos do terceiro mundo.

Podémosnos preguntar por qué tomamos ese camiño. Pero a resposta non é fácil, xa que nós formamos parte dese contexto cultural, e teríamos que responder ó porqué da nosa forma de vida desde hai moitos séculos. Pero aínda así podemos tentar observar como se produciu ese cambio ó que aquí nos estamos a referir.

Galicia sempre formou parte dunha rexión maior, formou parte do mundo occidental. Un mundo intercomunicado no que a información, as ideas e os materiais eran moi diversos e en moita cantidade. A xente sempre tivo contactos con outras formas de vivir, empezando polas diferencias de clase, e sempre tivo a necesidade de mellorar. E así se foi facendo a historia, con "erros e acertos", coas limitacións que impoñía o medio natural, buscando un determinado fin. Pero todo iso cambiou coa revolución industrial.

É no século XIX cando a mentalidade da xente empeza a tomar un xiro dun xeito bastante notable. Nese momento empézase a notar na poboación as actitudes que moitos ilustrados propugnaban. Se ata daquela a xente tiña unha determinada representación da natureza, da que dependían, da que formaban parte, agora sae a relucir de xeito notable a capacidade humana de domina-la natureza. O mundo toma un novo sentido para o ser humano, que o observa baixo unha concepción antropocéntrica. As vellas crenzas relixiosas e cosmovisións empezan a ser substituídas por outras novas que, se non son relixións, en moitos casos é como se o foran. Unha delas é a ciencia, o discurso científico que, enmarcado nesa visión antropocéntrica do mundo, fai que o home se sinta cun poder que lle fai perder de vista moitos aspectos da natureza que antes destacaba. Empézase a ter conciencia dunha nova capacidade: a de controlar moitos aspectos da natureza, a capacidade de dirixir e, en certo sentido, a capacidade de construír cada quen o seu propio destino. A evolución pasa a concibirse como a adquisición do dominio e control do ser humano sobre a natureza, e este feito tómase como a fin desa nova mentalidade, que vén sendo a busca da perfección. Nesta argumentación teñen moito que ver os avances técnicos, aínda que tamén son eles os que saen beneficiados polas novas concepcións da natureza e do ser humano.

En Galicia esa mentalidade empeza a chegar pouco a pouco, e tamén os avances técnicos que a sustentan. Os primeiros beneficiados son as clases altas e as urbanas, que seguen o camiño

doutras contemporáneas europeas e americanas. As clases baixas e a xente do rural tamén acolle esa mentalidade antes de que cheguen a totalidade dos avances técnicos⁴¹. Unha penetración do capitalismo que a finais do XIX xa se nota no campo, tanto no nivel das forzas productivas como no das relacións sociais de produción (Villares, 2000: 72). Neses momentos choca coas deficiencias estruturais que impiden a súa implantación, pero a xente acollerá a súa mentalidade por diversas vías, e tamén con resistencias que pouco a pouco irán cedendo.

As resistencias xerais fronte á innovación (que chegaba do exterior) viñan dadas pola escasa oferta de tecnoloxía e polas barreiras culturais, sociais e psicolóxicas que a poboación impoñía⁴², ademais doutras máis particulares (Fernández Prieto, 2000b: 254-255). A solución viría dada por unha maior oferta, o desenvolvemento dunha ideoloxía innovadora, a construción dunha trama institucional, e a fórmula da innovación colectiva a través da cal se decidía, compraba e utilizaba de forma colectiva (Fernández Prieto, 2000b: 258-261).

Todas esas resistencias son importantes, pero aquí queremos destaca-la resistencia social e cultural. Son elas as que nos informan do grupo social en cuestión, neste caso campesiño, que como tódolos grupos campesiños se resistía a adopta-las innovacións (que veñen de grupos do exterior⁴³), por rutina, por tradición, porque traballan a terra como os seus antepasados, por desconfianza ante algo que non controlan e do que non saben se sairá ben cando a súa subsistencia ten pouca marxe de risco, e

por medo ó fracaso, á burla (Fernández Prieto, 2000b: 256). Esta resistencia que aquí citamos refírese ó primeiro tercio do século XX pero, como sabemos, estiveron moi presentes ata hai pouco e aínda hoxe podemos rastrexar esas conductas. Isto demostranos a distancia que había entre o mundo campesiño e a modernidade, que estaban moi afastados, e esas resistencias só van ser superadas pola cercanía. A distancia entre un e outro mundo vai ser acurtada por aqueles que van facer de intermediarios, por aqueles que están en contacto con un e con outro mundo. Ese é o caso dos emigrantes⁴⁴, do médico, do mestre ou do cura, entre outros.

O mundo campesiño estaba en relación á dependencia da natureza, e nesa relación enmarcábanse as conductas e as normativas da comunidade. Dese xeito, cando o individuo se vexa independente da natureza verase independente da súa comunidade. Dentro da comunidade o individuo facía moitas cousas en conxunto, e se el adquiría ou facía algo, iso non só lle incumbía a el, senón que tamén lle afectaba á comunidade na que estaba integrado e da que formaba parte. Por ese feito todo estaba moi controlado por mecanismos tales como a vergonza (sobre todo), o mal de ollo (que pode ser visto como envexa polo receptor) e outras formas de control. Agora ben, cando o individuo non necesita tanto da comunidade, cando xa se pode desligar da dependencia da natureza, e polo tanto da necesidade comunitaria para sobrevivir, fará as cousas sen que lle importe a repercusión que terá na comunidade nin nos seus membros⁴⁵. É nese sentido no

que debemos entender que unha das resistencias á innovación se debía a que o individuo temía a burla dos seus veciños, temía o ridículo, e que unha forma de solucionar esas resistencias sexa pola compra colectiva, da comunidade. A adquisición dunha innovación por parte dun membro do grupo pode ser unha ofensa para a comunidade, que a sancionará⁴⁶.

Como estamos a dicir, a entrada total do capitalismo prodúcese na década dos sesenta do século XX. A partir desa data as actitudes comezan a ser maioritariamente capitalistas. Nese momento a oferta é maior, ó igual cás infraestructuras e a trama institucional, e tamén a mentalidade campesiña estaba máis impregnada polo capitalismo. O contacto que a poboación mantivo co exterior ó longo de moitos anos, así como os outros factores que facilitaron a innovación, vense cada vez máis apoiados polos medios de comunicación que a partir de agora empezan a ter un gran peso ata chegar á globalización que actualmente coñecemos. Dese xeito aproxímanse realidades afastadas e estrañas que pasarán a ser realidades próximas e coñecidas: o mellor xeito de propagación de ideas e materiais.

Outro factor que debemos ter en conta á hora de observala forma en que a xente acolleu a modernidade débese a que en Galicia a actividade agraria sempre superou a calquera outra actividade ata os anos oitenta, en que se ve superada polo sector servicios (Fernández Prieto, 2000b: 242). Isto é un exemplo do importante peso da zona rural. E o rural galego era todo o contrario ó que se propuña dun rural moderno; ou sexa, que o rural galego se vía

como atrasado, tanto desde o exterior como desde o interior, por quen facían propostas modernizadoras⁴⁷. Polo tanto a xente que vivía no rural víase como atrasada e quería saír desa situación. Ademais, como estamos a ver, a novidade ben do exterior maioritariamente, chegando a unha realidade distinta e que se desvaloriza así aínda máis⁴⁸.

A xente quería liberarse dunha forma de vida que vían como atrasada e con pouco futuro para eles e para os seus fillos no mundo actual, e atopou a ferramenta para facelo nese capitalismo⁴⁹. Co capitalismo a sociedade non só prestixiaba e desprestixiaba actitudes favorecendo a súa perspectiva da sociedade e do progreso senón que permitía o acceso á forma de vida prestixiada gracias ós avances tecnolóxicos e ó individualismo que se impoñía na sociedade. A comunidade xa non será a que regule a vida, agora será o mercado o que faga tal cousa (Sevilla Guzmán; González de Molina, 1993: 249).

Podemos dicir que, ó igual que dixemos do eucalipto, a modernidade, encabezada polo capitalismo, expandiuse coma se fora unha mala herba. Atopou un lugar onde espallarse, aproveitando unhas condicións sociais, xa que a xente a estaba a esperar para liberarse. A súa expansión produciuse de xeito agresivo, como unha mala herba. Pero agora parece que pode atopar un equilibrio, un lugar na modernidade, na sociedade. As necesidades da sociedade que fixeron que o capitalismo se expandera aparecen hoxe moito máis cubertas en Galicia. Polo tanto, ó igual có eucalipto, o capitalismo non é malo en si mesmo, senón pola

forma en que se aplica. É certo que a súa implantación derivou nuns efectos drásticos na natureza. Uns efectos que antes non se vían do mesmo xeito que hoxe os vemos. Porque hoxe, nós, temos outras necesidades e coñecementos, unha forma de vida distinta á dos nosos pais e avós que viron a nova economía como unha ocasión de vivir mellor. Hoxe a realidade é outra, podemos, e debemos, pensar doutra forma.

É o momento de ir a mellor, coma sempre, pero sen estar dominados por ese capitalismo que ata o de agora foi dominante e tendo en conta outras perspectivas máis sociais, humanitarias e ecolóxicas. Penso que chegou o momento, pois a estas alturas do capitalismo xa se pode pensar así. A ciencia, *«humildemente, debe acercarse al campesino para aprender: la ciencia tiene que humanizarse y en su dimensión productiva, campesinizarse»* (Sevilla Guzmán; González de Molina, 1993: 14).

Ó longo deste artigo puidemos ver cómo a modernidade se introduciu na parroquia de San Xoán de Poio, principalmente mostrando a repercusión que

tivo no agro e no monte, que é como dici-la economía doméstica. Ese feito caracteriza a entrada da modernidade en moitos lugares de Galicia, que teñen na economía doméstica, tradicional, un apoio para enfrontarse ó capitalismo, ó mercado. Dese xeito aínda que o salario dunha familia non sexa alto sempre terá o sustento da economía familiar. Con razón Beatriz Ruiz ve ese feito cunha grande importancia, *«porque as economías domésticas están a perder boxe en día dúas das súas bazas máis fortes, o acceso «fácil» ós alimentos, e o acceso «fácil» á vivenda: dúas bazas que lles viñan dando unha independencia relativa dos salarios e das crises do capital»* (Ruiz, 1995: 95). Foi o peculiar desenvolvemento galego, tantas veces chamado atrasado, e que podemos denominar “autárquico”, o que permitiu que a poboación non dependera totalmente do mercado para satisfacer as súas necesidades básicas (Ruiz, 1995: 93). Pero iso cada vez parece que está a ser menor, e a dependencia do mercado maior, xa que se está perdendo o control sobre a terra e, máis aínda, estase a hipotecar, pois a urbanización está a afectar a terreos moi aptos para a

agricultura e con condicións ambientais excelentes para ela⁵⁰.

Por outra banda, a poboación de Poio vese afectada por esas boas condicións ambientais e pola cercanía da cidade de Pontevedra: estanse abandonando as actividades do sector primario a favor do sector servizos, as dificultades para acceder á vivenda da poboación local cada vez son maiores debido á especulación do solo que eleva o prezo do m² (o que leva ás compañías inmobiliarias e particulares a edificar en calquera sitio sen respectar, ou levando ó límite, a norma urbanística), hai máis presión sobre as terras en forma de maiores impostos, ocupación de terreos por liñas eléctricas, problemas coa auga pola competencia do sector turístico e das novas edificacións, desestruturación da aldea, etc⁵¹.

No momento actual a determinada forma de entende-lo capitalismo está a acabar coas economías domésticas, e a xente está a ser máis dependente do mercado e das empresas. Cada vez estamos a ser máis dependentes do salario. Tal vez sexa ese o noso destino dentro da nosa evolución social: cada vez máis pretos da “sociedade” e máis afastados da “natureza”⁵².

NOTAS

1. Este é o concello no que se enmarca este artigo, concretamente na parroquia de San Xoán de Poio (Poio Grande). As Rías Baixas é unha zona que está a sufrir grandes cambios debido a que é unha das partes máis dinámicas de Galicia, xunto ós atractivos turísticos e de habitabilidade que esperta na xente que, no caso de Poio, se poden ver acrecentados pola súa situación costeira e entre os concellos de Pontevedra e Sanxenxo. Como resultado temos unha forte presión demográfica sobre a zona que produce a realización de diversas infraestruturas e novas edificacións dun xeito acelerado, repercutindo de xeito importante na súa fisionomía. Desta forma prodúcense diversos contactos entre a forma de vida local e as constantes novidades que chegan ó lugar (para máis información sobre o concello: Sartal Lorenzo, 2000). Hai que sinalar que, a pesar de que a poboación está impregnada do moderno, aínda quedan moitos trazos do antigo sistema, tanto na paisaxe coma en costumes ou na mentalidade. Todo iso está presente na xente, dependendo da súa idade, nivel cultural, coñecementos, contactos co exterior e outros factores que inflúen neses cambios (como os medios de comunicación). O marco cronolóxico ó que facemos referencia está basicamente encadrado na segunda metade do século XX, cun maior peso das últimas décadas, se ben tamén faremos referencias a momentos anteriores para entender mellor o que dicimos.

2. Un artigo que debe moito ó curso de doutorado, do ano 1998, "Métodos e fontes para a historia Agraria de Galicia", dirixido por Aurora Artiaga Rego, Lourenzo Fernández Prieto, Xesús Balboa López e M^a Xesús Baz Vicente, da Universidade de Santiago de Compostela, do que teño un recordo moi grato, tanto polos contidos que nos transmitiron pola voz e pola vista, como polos momentos vividos con eles e

cos meus compañeiros de curso, ós que mando un saúdo. Por outra banda tamén manifesto o meu agradecemento a Mar Llinares e a Paulino Martín polas lecturas e críticas do artigo que tanto me axudaron a conforma-lo resultado final. A todos eles: grazias.

3. Para estes temas ver Crosby (1988).

4. Unha entrada da modernidade que provén da cultura dominante (que se pode localizar no mundo urbano) sobre unha cultura subalterna (que podemos localizar no campo, na sociedade rural tradicional).

5. Achegámonos así a algúns dos trazos da introducción da economía capitalista que neste século impregnou case totalmente a unha sociedade que podíamos considerar campesiña a principios do século XX e na que hoxe o agro perdeu importancia.

6. Antigo sistema, tradicional, moderno, urbano, rural, local, global,... son algúns dos termos dos que nos valemos cando nos referimos a temas no que o cambio de vida está presente. Pero debemos saber que os límites non son precisos e as realidades ás que fan mención son as que nós definimos. O antigo sistema tómase moitas veces como sinónimo de vida tradicional, pero daquela tamén había tradición e modernidade; do mesmo xeito pasa coa modernidade e o mundo da cidade, cando na cidade hai tradicións e modernidades; outro tanto podemos dicir do local e do global, e neste caso parece que a modernidade nunca parece saír do local senón que parece vir sempre do global, etc. É dicir, as definicións son complexas. Sen embargo debemos aclarar-las cousas nun principio para que se entenda o que se quere dicir. E podemos falar dun antes e un despois que estaría en torno ós anos sesenta. Antes, o que chamamos o antigo sistema, onde se enmarcaría a "sociedade tradicional", e despois a actualidade onde enmarcaríamo-la "modernidade", unha forma de vida urba-

na. O antes podemos velo como un tempo no que as cousas duraban máis, os cambios eran máis lentos, mentres na actualidade todo cambia máis rápido e o as cousas teñen menos duración. A vida urbana (tanto no rural coma na cidade) é hoxe a que está a gañar terreo fronte á vida tradicional, pero aínda atopamos na xente pegadas das dúas. Entendemos como urbano *«un estilo de vida marcado por la proliferación de urdimbres relacionales deslocalizadas y precarias. (...) La inestabilidad se convierte entonces en un instrumento paradójico de estructuración, lo que determina a su vez un conjunto de usos y representaciones singulares de un espacio nunca plenamente territorializado, es decir sin marcas ni límites definitivos»* (Delgado, 1999: 23).

7. A sociedade tradicional tiña unha organización social e de convivencia moi relacionada coa natureza. Na súa concepción do mundo tiñan moito peso a casa, o campo, o monte e os diversos espazos da aldea, desde onde se ía adquirindo unha forma de ser e estar. Detrás estaba unha economía, unha ética e unha cultura propia dese modelo, creado para a subsistencia. Polo xeral vivíase mal, ou máis ben sobrevivíase, e para iso a xente tiña que apoiarse unha na outra, polo que se foron creando uns tipos de relacións sociais que son as que hoxe vemos como características da sociedade tradicional. O traballo remunerado aínda non tiña o peso que hoxe ten, e as familias, sobre todo os máis novos e a nai, traballaban a terra. Había diversidade de recursos e prácticas productivas, e aproveitábase máis que agora o que daba a natureza, tanto pola recolección coma pola agricultura. A xente tiña un coñecemento orientado ás súas necesidades de subsistencia, que basicamente era proporcionada polo medio natural que eles tiñan que explotar. Fóronse creando co paso do tempo unhas crenzas e

sabedoría no referente ó traballo agrícola, moito do cal se acolleu no futuro como costume, e nalgúns casos perdendo o seu significado inicial.

8. Teorías que están apoiadas na entrada de nova tecnoloxía e dos novos produtos biolóxicos e químicos a partir dos anos sesenta, enmarcados na adopción total do modelo capitalista. Con eles a xente empezaba a sentirse liberada das imposicións pasadas, e toda novidade é abrazada con moito fervor. Como consecuencia, tódolos coñecementos e a forma de vida tradicional non son válidos para esa nova situación, polo que aparece para moitos como atrasada, superstitiosa e outros adxectivos desvalorizadores, desde a posición daqueles que están na carreira por desfacerse de ligazóns pasadas, observando na individualidade o futuro, o progreso e a liberdade do ser humano.

9. Cando digo comunidade voume referir sobre todo ó mundo campesiño "tradicional", á súa forma de vida, a tódolos tipos de relación que caracterizan esa comunidade, e que se observan no xeito de concibir e entende-la relación entre os seus membros, a relación coa natureza, etc. A un nivel territorial podémola ver representada na aldea. Tomando como referencia as definicións de comunidade e sociedade postuladas por Tönnies (Linares, 1998: 28), digamos que me estou referindo a unha xente na que o peso da comunidade aínda é maior có da sociedade; unha relación que se irá invertindo co avance da modernidade. Recordando o que dixemos na nota seis podemos dicir que antes dos sesenta a comunidade estaba máis presente cá sociedade, mentres que na actualidade é esta última a dominante, avanzando xunto á forma de vida urbana.

10. Un individualismo que xa se empezara a introducir no século XIX, coa entrada do modo de produción capitalista, coa creación do novo aparato administrativo burgués e a posta en funcionamento da administración liberal, sobre todo a un nivel de relación co estado e coa terra (Artiaga *et alii*, 1991), pero, ese individualismo aínda tardará en achegarse a outros niveis da comunidade, como son as relacións veciñais ou a relación que a comunidade mantén coa natureza.

11. Uns cambios que se observan en calquera ámbito da vida, coma na alimentación (hoxe hai elementos que non se utilizan coma antes na alimentación, incluso se ven como non válidos xa que forman parte dunha época de escaseza): o tipo de alimentación foi cambiando a medida que a poboación se insería máis nas prácticas mercantís e na dependencia do sistema capitalista, cara a un tipo de dieta que se vía como máis prestixiosa e abundante, tal e como se vía nas clases altas ou en sectores urbanos. A dieta anterior aparece despreziada, non válida, desvalorizada (a alimentación tamén era un medio de mostrar unha determinada posición social, entre a riqueza e a pobreza). Comeza o triunfo do individualismo, que sanciona unha época de

miserias e de controis impostos pola comunidade para a supervivencia.

12. Tamén en Quintana Garrido (1990) atopamos unha visión semellante desa implantación capitalista desde o século XIX. Debemos ter en conta que o que nos parece novo é posible que non o sexa tanto (Balboa López; Fernández Prieto, 1990: 428).

13. Maioritariamente con significados nos que se valora o tradicional, distintos ós que antes tiñan para a xente cando estaban en uso. O caso dos muíños de auga pode ser un caso paradigmático dos cambios que estamos a falar: os muíños foron abandonados hai tempo, pola entrada da modernidade, e hoxe estanse a recuperar como parte do noso patrimonio cultural.

14. Un nome que indica a súa entrada a través da modernidade, da cultura dominante, da lingua castelá; porque é a lingua castelá a que simbolizou durante moito tempo en Galicia o progreso, pois nesa lingua falaban as élites: «*Mesmo lograron convencer a moitos, ata lograr que cbamen purín ao que sempre denominaron xurro ou heno á herba seca...*», ó toxo biomasa e ó esterco compost (Fernández Prieto, 2000a: 39; sobre esa cuestión lingüística tamén Sartal Lorenzo: «Sexo, cultura e natureza. A creación do xénero en Poio», en *El Museo de Pontevedra*).

15. Para estas cuestións do consumo ver Douglas e Isherwood (1996). Elementos de vestir, automóbiles, casas, etc., non só os podemos ver como froito de necesidades e gustos senón tamen como iconos que dan unha imaxe social ós seus propietarios e que eles utilizan para esto.

16. A xente que viviu na sociedade tradicional refírese moitas veces a ela como "tempos de moita miseria", ou nomes semellantes, poñendo de manifesto as penurias e a mala vida que se levou (porque "hoxe é unha riqueza"). Sen embargo tamén hai cousas que se botan de menos, como as relacións persoais (ademais dos recordos de infancia, xuventude e semellantes que aquí non estamos a tratar). «*Nunca se viviu tan ben coma hoxe*», pero ese camiño cara ó benestar tamén deixou atrás algúns benestares (ou cousas que hoxe vemos como benestares) que quizais debamos tentar restituir. Nese propósito estarían as actitudes modernas que promoven un maior respecto á natureza e un trato máis humanitario entre as persoas. «*Nun mundo onde xa non hai unha natureza como realidade exterior, radicalmente distinta da cultura, necesitamos construír o concepto de medio ambiente para relacionármolos co medio físico e defínilo; nun mundo de individualización, privatización e globalización, inseguro e precario, "sen fogar", necesitamos inventar as políticas de identidade como refuxio; nun mundo onde xa non pode haber tradición como forma de reprodución sociocultural, necesitamos do patrimonio para relacionármolos co pasado e establecer os alicerces da continuidade social. (...). Mentres os seres humanos interpretaron o seu futuro en termos de designios da providencia divina ou*

do destino, non había lugar para o risco. Só cando a sociedade tratou de dominar o futuro, de colonizalo calculando beneficios e perdas, se puido falar propiamente de riscos e de seguros. Pero, ademais, a modernidade creou o "risco manufacturado", é dicir, ameazas que son resultado do que se fixo á natureza e á sociedade gracias ó coñecemento científico e á técnica. A conciencia do risco manufacturado (por exemplo, quecemento global, explosión atómica) xera un movemento de defensa, de conservación, unha solidariedade defensiva: isto é en gran medida a ecoloxía. En consecuencia, o risco ten dúas facianas: supón unha aposta e unha aventura pola colonización do futuro, pero comporta a evidencia de perigos dunha magnitude e dunha natureza novas» (Ariño Villarroya, 2001: 77-78).

17. Os pesticidas utilizados para eliminar as pragas de insectos matan indiscriminadamente tanto a vermes ou insectos prexudiciais coma ós beneficiosos, así como tamén a aqueles animais que comen a eses insectos ou a as herbas da zona tratada. Ademais, os insectos son cada vez máis resistentes ós praguicidas, o que fai que co paso do tempo se aumenten as doses e se cambien de produtos químicos para lograr algún resultado. Por iso se propoñen, non só desde o punto de vista ecolóxico senón tamén económico, unhas prácticas agrícolas axeitadas e os métodos de loita biolóxica (Varela, 1984: 130-131).

18. Desde o meu punto de vista os labores agrícolas e coidados tradicionais diminuíron a súa importancia. O traballo do campo hoxe está nun segundo plano, en favor das actividades secundarias e terciarias.

19. A partir de 1900 xa se empezaba a constatar unha introdución clara dos produtos químicos, cunha evolución que se interrompe en 1936 e que logo se retomará fortemente no ano 1960; «*Los intereses comerciales de las empresas, el afán de lucro del agricultor y los empeños modernizadores de los técnicos se impulsieron a otras opciones en un momento histórico en el que la aplicación de la química a la agricultura era una señal inequívoca del progreso a la que era difícil resistirse.*

En términos históricos y a la luz de los datos e informaciones expuestas, la razón principal para la introducción de las nuevas formas de abonado es mercantil, no técnica» (Balboa López; Fernández Prieto, 1996: 229-235).

